

Forma e función do sufixo *-bel* / *-ble* (< lat. -BĪLIS) no galego posmedieval¹

Ramón Mariño Paz²

Recibido: 6 de xullo de 2020 / Aceptado: 12 de outubro de 2020

Resumo. Como continuación de dous traballos anteriores dedicados ao estudo deste sufixo no galego medieval, neste artigo presento información sobre a súa forma e a súa función desde o século XVI ata hoxe. Canto á forma, obsérvase que nas fontes do galego medio (séculos XVI-XVIII) hai un predominio case absoluto das variantes con síncope da vogal postónica (*-ble*, *-bre*), mentres que nas do galego contemporáneo (séculos XIX-XXI), aínda predominando estas, produciuse unha revitalización da variante maioritaria no galego medieval (*-vel(e)*, agora escrita *-bel*) promovida conscientemente desde o galeguismo político e cultural. Respecto das características funcionais e semánticas deste sufixo, cómpre subliñar que, como xa sucedía na Idade Media, no galego medio e no contemporáneo seguiu contendo con outros (*-deiro*, *-dor*, *-tivo...*) para expresar a capacidade activa, valor semántico que adopta cando se agrega a bases verbais intransitivas ou usadas intransitivamente.

Palabras chave: galego posmedieval; sufixo *-bel* / *-ble*; purismo lingüístico.

[es] Forma y función del sufijo *-bel* / *-ble* (< lat. -BĪLIS) en el gallego posmedieval

Resumen. Como continuación de dos traballos anteriores dedicados al estudio de este sufijo en el gallego medieval, en este artículo presento información sobre su forma y su función desde el siglo XVI hasta la actualidad. En cuanto a la forma, muestro que en las fuentes del gallego medio (siglos XVI-XVIII) hay un predominio casi absoluto de las variantes con síncope de la vocal postónica (*-ble*, *-bre*), en tanto que en las del gallego contemporáneo (siglos XIX-XXI), aún predominando estas, se produjo una revitalización de la variante mayoritaria en el gallego medieval (*-vel(e)*, ahora escrita *-bel*) promovida conscientemente desde el galleguismo cultural y político. En relación con las características funcionales y semánticas de este sufijo, hay que resaltar que, como ya sucedía en la Edad Media, en el gallego medio y en el contemporáneo siguió conteniendo con otros (*-deiro*, *-dor*, *-tivo...*) para expresar la capacidad activa, valor semántico que adopta cuando se añade a bases verbales intransitivas o usadas intransitivamente.

Palabras clave: gallego posmedieval; sufijo *-bel* / *-ble*; purismo lingüístico.

[en] Form and Function of the Suffix *-bel* / *-ble* (< lat. -BĪLIS) in Post-Medieval Galician

Abstract. After two previous papers about this suffix in Medieval Galician, in this article I gather information about its form and its function from the 16th century to the present day. Concerning the form, in Middle Galician (16-18th centuries) there is an almost absolute predominance of the variants with loss of the postonic vowel (*-ble*, *-bre*), while in Contemporary Galician (19th-21st centuries), even when these predominated, there was a revitalization of the Medieval variant *-vel(e)* (written *-bel*) that was consciously promoted by cultural and political Galicianism. Regarding its functional and semantic features, it should be noted that, as it happened in the Middle Ages, in the Middle and Contemporary Galician it continued to contend with others (*-deiro*, *-dor*, *-tivo...*) to express the active capacity, the semantic value it adopts when added to intransitive verbal bases.

Keywords: Post-Medieval Galician Language; Suffix *-bel* / *-ble*; Linguistic Purism.

¹ Este artigo insírese no marco do proxecto de investigación denominado *Diccionario histórico y etimológico de la lengua gallega (I): preparación de recursos, diseño y test inicial* (PID2019-105411GB-I00), financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación do Goberno de España. Agradezo moito a José Antonio Souto Cabo o contributo bibliográfico que para escribilo me fixo durante as semanas de confinamento que vivimos durante a declaración do estado de alarma en 2020.

² Universidade de Santiago de Compostela. Instituto da Lingua Galega.
Correo-e: ramon.marino.paz@usc.gal; <https://orcid.org/0000-0001-5637-3357>.

Sumario. 1. Forma e función do sufixo no galego medieval. 2. Forma do sufixo no galego posmedieval. 2.1. Galego medio. 2.2. Galego contemporáneo. 2.2.1. Gramáticas sincrónicas e propostas normativas. 2.2.2. Traballo de investigación. 2.2.3. Textos escritos. 2.2.4. Conclusións sobre a forma. 3. Función do sufixo no galego posmedieval. 4. Fontes de estudo citadas. 5. Referencias bibliográficas.

Como citar: Mariño Paz, R. (2020): “Forma e función do sufixo *-bel / -ble* (< lat. *-BĪLIS*) no galego posmedieval”, en *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 23, pp. 233-253.

1. Forma e función do sufixo no galego medieval

Como tratei de mostrar en dous traballos anteriores (Mariño Paz 2005, 2016)³, as variantes que como continuadoras do sufixo latino *-BĪLIS* predominan amplamente nas fontes do galego medieval son aquelas en que non se deu a síncope da vogal postónica interna: *-vele*, *-vel*, *-vile* ou *-vil* no singular e *-veles*, *-vilis*, *-vees* ou *-vijs* no plural (*semallável*, *semelláveles*, *semellávijs*...). Polo contrario, aquelas que, coma as do castelán, si experimentaron esa síncope (*-ble(s)* ou raramente *-bre(s)*, como en *agradable*) foron moi minoritarias ata mediados do século XV e só a partir de entón coñeceron unha fulgurante expansión ligada á prosa notarial, daquela xa case a única cultivada en galego; cómpre relacionar esta expansión co rápido aumento da familiaridade co castelán que entón se produciu entre os notarios e escribáns de Galicia. Do meu punto de vista, esta reorientación da deriva lingüística deste sufixo cadra ben co que William Labov catalogou como cambio desde arriba, xa que semella que foi promovida, con consciencia pública, por un grupo social e profesional dotado de poder que con ela optaba por unha variante que coincidía coa propia dunha lingua que na segunda metade do XV gozaba xa de máis prestixio ca o galego e competía con el no seu propio territorio.

Canto á súa función, cómpre subliñar que a maioría das palabras creadas co sufixo *-vel* no galego medieval proceden por derivación de bases verbais. Unhas veces estas bases existían no repertorio léxico do idioma, polo que a

derivación era regular (de *usar* tirábase *usável*, por exemplo), mentres que noutros casos a derivación era irregular porque a voz do romance procedía directamente dun étimo latino e non se formaba a partir dun verbo xa existente nel na Idade Media (*móvel*, *posívele*...). Cando o lexema verbal da base era o dun verbo transitivo o sufixo *-vel* expresaba posibilidade (‘que se pode...’) ou necesidade (‘que debe ou merece ser...’) pasivas, tanto en derivación regular (*usável*, *revocável*) coma en derivación irregular (*invisíbele*). Polo contrario, unido a verbos intransitivos ou utilizados intransitivamente o sufixo asumía un valor activo, tamén en derivación regular (*aprazívele* ‘que praxe, que causa pracer’, *durávil* ‘que dura’) ou irregular (*convínívele* ‘que convén’). Se na derivación a partir de verbos transitivos o seu uso non parece que batese con outras posibilidades expresivas en todo o período, na que se facía sobre verbos intransitivos ou empregados intransitivamente *-vel* si contendía con outros sufixos para a expresión do valor activo: *durávil / duradeiro*, *semellável / semellante*, *sucesívele / sucesivo*⁴...

Minoritariamente, este sufixo tamén se podía unir a bases substantivas con sentido instrumental: *faborábel* ‘que procura favor, que resulta propicio’, etc.

2. Forma do sufixo no galego posmedieval

2.1. Galego medio

Nos estudos de historia da lingua galega coñécese como Galego Medio, ou Galego dos Séculos Escuros, a fase en que, terminada a Idade Media, este idioma experimentou un proceso de dialectalización inducido polo castelán, lingua politicamente dominante que entón se interpuxo no seu camiño. Esta dialectalización implicou para o galego perda de prestixio, perda de funcións formais con drástica diminución do cultivo escrito, perda de falantes monolingües en principio circunscrita ás cúpulas da sociedade estamental daquel tempo e instauración dun estado de cousas que facilitaba a xeración de variedades diastráticas e diafásicas con notábel grao de transferencia de trazos procedentes do castelán.

³ Sobre este sufixo e outros que compartiron con el valores semánticos no galego medieval cf. tamén López Viñas 2015: 135-160, 235-238, 306.

⁴ Estas características combinatorias e semánticas do sufixo *-vel* tamén as presentaban os seus cognados ibéricos medievais (cf. Pharies 2002: 137-138).

Nas escasas fontes de estudo con que contamos para analizar o galego medio os contados rexistros deste sufixo que nelas se dan, ningún anterior ao século XVII, mostran o triunfo case incontestado das variantes caracterizadas pola síncope da vogal postónica (*-ble* e *-bre*), é dicir, das que coincidían ou se aproximaban ás propias do castelán e iniciaran un rapidísimo aumento da súa frecuencia de uso escrito a mediados do XV. Os poucos testemuños que nesta exploración conseguín reunir, ordenados de maior a menor antigüidade, son os seguintes⁵:

PVN: *Terrible* (v. 10)

FM: *moble* ‘móbil’⁶ (FM9, v. 7), *notabre* (FM6, vs. 43 e 44)

GMM: *admirable* (v. 124).

CVFLG: “*Manible*. Cosa manejable, v. g.: esta cesta es más *manible*” (p. 448)⁷

CF1: *posibre* (tomo III, p. 315)

CF2: *amable* (p. 172, v. 70)

JCS3: *imposibre* (v. 10)

CGal: *terribel* (p. 1025)

PDG: *abominable* (p. 26, 2 veces, en Ribadavia), *aborrecible* (p. 29, en Moraña e Ribadavia), *aburrible* (p. 42, en Moraña), *admirable* (p. 75), *admirablemente* (p. 75), *admirable* (p. 79), *admirablemente* (p. 79), *afable* (p. 86), *afablemente* (p. 86), *aforratable* (p. 99, en Ribadavia), *agradable* (p. 112), *amable* (p. 168, en Ribadavia), *amigablemente* (p. 178, en Ribadavia), *apaciblemente* (p. 217, en Ribadavia), *apreciable* (p. 235, en Ribadavia). // *sensibre* (p. 261, en Sobrado, s.v. *arrequento*)

Os datos recompilados son tan poucos que non permiten tirar deles conclusións firmes⁸. En todo caso, parece claro que entre mediados do século XV e 1612, o ano do rexistro máis antigo do galego medio de que dispoñemos (o de PVN), a variante *-ble* acabou por converterse practicamente na única manexada en idioma galego polas elites do país capaces de producir textos escritos. Só dúas circunstancias me moven a dicir isto con certa cautela: a escaseza das documentacións de que dispoñemos e o feito de que nun texto xornalístico de 1786 apareza o adxectivo *terribel* (CGal). Ora ben, a fonte da que procede este insólito testemuño da variante *-bel* inspírame moita desconfianza, xa que se trata dun texto humorístico escrito adrede nun castrapo (variedade do castelán con numerosas transferencias desde o galego) cuxa fidelidade respecto de certos rexistros da lingua oral da época resulta moi digna de desconfianza: “que yo le vide una quimerea, moy *terribel* entre dos, que le salian de una casa tiradas las espadas” (CGal, p. 1085).

A hipótese de que a reorientación do percurso evolutivo desta variábel cara ao triunfo da variante *-ble* se debese á influencia do castelán, que xa defendín nos meus traballos sobre este sufixo no galego medieval, tórnase no galego medio especialmente plausíbel no concreto caso de *notabre* (FM6, ano 1697), un rexistro que se debe ao poeta madrileño Joseph Guerrero Lasso de la Vega, e tamén en moitas das voces recadadas polo padre Sobreira nas súas *Papeletas de un diccionario gallego* (PDG) de entre 1792 e 1797, pois, como

⁵ Non contén este sufixo o nome de peixe *sable* (CVFLG, pp. 285, 475; CVFG, p. 345; O660P, 222v; VP), mais é significativo que, fronte a esta solución tomada de fontes do século XVIII, a que a través de TMILG vemos nun documento da Guarda de 1319 é *savees* (ROT, p. 393), que presupón un singular *sável*. *Sável* é tamén a forma portuguesa.

⁶ Aparece neste contexto: “Camíñou dela correndo / A cumbre por eminenz, / Donde firmamento *moble* / Nos fizo ver as Estrelas”. Evidentemente, o adxectivo *moble* non se formou por derivación a partir do verbo galego *mover*. Procede directamente do latín *MÓBILIS*, que tampouco era un derivado regular do verbo *MÓVERE*, e no galego medieval presenta a mesma pauta de variación que antes vimos para o sufixo que estamos a estudar: *móvel(e)*, *móvil(e)* / *moble*.

⁷ Martín Sarmiento, o autor desta obra, colocou esta palabra nunha listaxe de voces que recolleu nunha expedición que iniciou “a 9 de junio de [1]755”: “Hoy salí de Pontevedra con mi hermano Xavier a ver el Ferrol, etc.” (p. 438). Nunha relación de “Voces gallegas antiguas que hallé en los instrumentos anteriores al año de 1500, así en Santa Clara de Pontevedra como en el Poyo. Año de 1745” (p. 272) figuran “*Semellaveles*. Semejantes”, “*Estável*. Estable” e “*Usable*. Habla de moneda” (p. 273).

⁸ Os adxectivos e substantivos formados mediante este sufixo non son voces especialmente frecuentes nin sequera no galego de hoxe. En efecto, entre os cen adxectivos con máis frecuencia de uso que Bugarín López 2007: 1054-1059 inventariou para a lingua actual só hai un que o leve: *posible*, que ocupa a trixésima posición dentro desta clase de palabras. Entre os cen substantivos máis utilizados esta investigadora non sinala ningún con *-ble*. Na listaxe xeral que ofrece, sen discriminación por categorías, *posible* só ocupa o posto 387, mentres que os seguintes tres nomes máis frecuentes con sufixo *-ble* xa aparecen moito máis abaixo: *imposible* está no posto 1055, *combustible* no 1809 e *variable* no 2057 (cf. Bugarín López 2007: 91-224).

advertiu Pensado (1982: 92-94), para esta obra este recolector utilizou o dicionario da Real Academia Española (RAE) con moito servilismo e escaso espírito crítico. De feito, os únicos adxectivos con este sufixo que se conteñen en PDG e cuxos cognados non aparecen nos dicionarios da RAE do século XVIII son, significativamente, un que o castelán descoñecía e descoñece (**ahorrible*, que se correspondería co galego *aforratable* ‘aforrador’) e outro en que o sufixo *-ble* non ten nese idioma o valor semántico activo que en galego lle atribuíu Sobreira (*aburrible*, definido polo beneditino como “odiosa”, é dicir, ‘que aburre, que causa moito enfado ou molestia’) (cf. NTLLE). Ora ben, aínda que este autor redactase algunhas das súas papeletas seguindo acriticamente o dicionario da Academia española, o feito de que situase algúns dos seus rexistros de adxectivos con *-ble* explicitamente en Ribadavia ou en Moraña invita a pensar que efectivamente os sentiu nesas dúas vilas, uns presumiblemente só en estilos de lingua propios das minorías letradas da época, con máis contacto co castelán (*abominable*, *aborrecible*, *apreciable*...), outros probabelmente tamén nas bocas das grandes maiorías iletradas daquel tempo (*aburrible*, *aforratable*).

Xunto a todos estes rexistros hai que colocar outro que se localiza na *Historia de Yria* (HY), un traslado da *Crónica de Iria* (CI) de 1468 que se fixo no século XVII (ca. 1617-1630) con alto nivel de intervención modernizadora por parte do copista. En efecto, é moi significativo que o participio verbal *estabilisçidos* que se le en CI (6.3) fose trasladado a HY como *estabrecidos* (HY, 14r), unha forma que existe postular unha base adxectiva *estabre* (e xa non *estabil*), cunha rotatización da consoante líquida do grupo homosilábico /bl/ que as fontes do galego medio mostran como unha tendencia moi consolidada tanto en grupos con esta consoante inicial coma naqueles que na mesma posición tiñan outras oclusivas ou a fricativa labiodental xorda (*pubricar*, *ecresias-tica*, *fror*...) (cf. Mariño Paz 2017: 509-513). Obsérvase como esta variante *-bre* do sufixo que estudamos aparece na listaxe anterior en catro casos máis: *notabre* (FM6), *posibre* (CF1), *imposibre* (JCS3) e *sensibre* (PDG). Especial atención reclama este último, posto que Sobreira o incorporou á definición do substantivo *arrequento*, recollido en Sobrado dos Monxes, o que move a pensar que talvez o oíu dicir así nese lugar: “La porción que se añade en aumento a una heredad, lo cual suele

hacerse *sensibre* extendiendo la cerca” (p. 261; o resalte está no propio texto).

2.2. Galego contemporáneo

Sobre a base do legado de antecesores inquestionábeis como o padre Sarmiento (1695-1772) e do discreto aumento da produción e publicación de textos que se deu nas primeiras décadas do XIX, arredor de 1840 o galeguismo político e cultural abriu definitivamente unha fase histórica de loita pola desdialectalización do galego, pola recuperación de prestixio e de funcións formais para el, pola detención do seu proceso de abandono e pola construción dunha variedade culta, precedente do actual estándar, en que se procurase por diferentes vías (recurso á lingua popular, á lingua medieval, ao portugués...) a depuración do castelanismo. Xunto ao incremento da publicación de textos en galego de tipoloxía progresivamente máis variada, a apertura desta nova fase histórica non tardou en alentar tamén a elaboración de gramáticas e dicionarios que puidesen guiar a actividade de escritores e lectores nunha lingua entón excluída de todos os niveis educativos. Ademais, desde o tempo da Segunda República Española (1931-1936) fóronse dando ao prelo distintas propostas de normas para a escritura en galego que irían abrindo o camiño que conduciu ata o proceso estandarizador posfranquista. Todos estes tipos de fontes deben ser explorados se queremos reconstruír a traxectoria da variábel que nos ocupa nesta fase histórica.

2.2.1. Gramáticas sincrónicas e propostas normativas

Das gramáticas sincrónicas anteriores á década de 1960 só a de Lugrís Freire (1922) contén unha observación explícita sobre este sufixo. Que eu saiba, o auténtico debate público sobre a forma que debería adoptarse para el no galego protoestándar abriuse propiamente coas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1971) da Real Academia Galega, pois a partir da aparición deste opúsculo o pronunciamento sobre esta cuestión converteuse en obrigado tanto nas propostas normativas coma nas gramáticas, no marco dunha discusión sobre a norma que tomou forma así nas primeiras coma nas segundas, se ben, como é lóxico, se manifestou con moita máis extensión e detalle nas primeiras. En todo caso, dada a súa evidente conexión, considero conveniente presentar conxuntamente neste apartado os datos tirados destes dous tipos de obras, para así ofrecer un

relato máis trabado e menos disgregado da evolución desta controversia. Co obxectivo de evitar a dispersión, para o período posterior a 1970 considerarei unicamente aqueles traballos que me parecen referencias básicas da tendencia que se consagrou como oficial e da tendencia reintegracionista.

O sufixo que estudo neste artigo non mereceu a atención de Saco Arce (1868: 42-53) nas páxinas que dedicou á formación de palabras mediante derivación na súa *Gramática gallega*. No entanto, no capítulo en que abordou as “Diferencias principais entre el gallego y el castellano” sinalou que en galego a consoante vibrante “sustituye á la *l* precedida de muda” e entre os exemplos desta diferenza fonética que puxo figuraba este: “*pusibre*, posible” (Saco Arce 1868: 251). Por tanto, aínda que non chegase a explicitalo, *-bre* era a variante que el tiña como propia do galego para o sufixo procedente do latino *-BĪLIS*.

Canto a este particular, nada que me pareza digno de mención se atopa nas outras gramáticas que se deron ao prelo no século XIX.

Xa no XX, resulta evidente que para elaborar a súa “lista de sufixos” LUGRÍS FREIRE (1922: 16-18) tivo enriba da mesa as páxinas que Saco Arce (1868: 42-53) e GARCÍA DE DIEGO (1909: 184-196) lle dedicaran á cuestión antes ca el, xa que as semellanzas entre os tres textos saltan á vista. Ora ben, o que a seguir reproduzo é da súa enteira responsabilidade, pois nin o gramático ourensán nin o soriano dixeran nada verbo deste concreto sufixo:

...*ble*, *bre*. Temos moitos derivados de verbos que finan en *ble* ou *bre*. As dúas terminacións son léxítimas en galego, inda que a segunda en *bre* é a que mellor s’axeita á nosa fala e ao costume consagrado pol-os bôs escritores. Dende logo que a terminación en *bel*, que agora empregan algúns innovadores que deixan as augas galegas pol-as estranas, é sinxelamente portuguesa, barbarizada na ortografía. (LUGRÍS FREIRE 1922: 17)

Ademais, en nota de rodapé achegaba este dato: “«Et por ende que os veendo e entendendo a dita suplicaçon seer xusta e *razonable*, inclinado aa dita suplicaçon e por serviço de Deus». (Ano 1448. Venta de varias imaxes de

prata. *Colección diplomática de Galicia Histórica*, pax. 91)”. E unhas páxinas máis adiante aínda engadía o seguinte: “Os superlativos en *ísimo* como os adxetivos en *ble* ou *bre* non se usaban no galego anterior ao século XV” (LUGRÍS FREIRE 1922: 28). Obviamente, o que non dicía LUGRÍS, quizais porque non o sabía, é que as que si se usaban antes do século XV, e moito, eran as variantes do sufixo que non experimentaran síncope da vogal postónica interna. Vese, pois, que o argumento do galego medieval como motivador desta selección de *-bre* se manexou nesta gramática con patentes limitacións, mesmo porque o testemuño do século XV que nela se aduciu como proba non contiña a variante que o seu autor recomendou. Pola contra, o gramático de Sada falou con todo o fundamento cando escribiu que *-bre* se axeitaba mellor “ao costume consagrado pol-os bôs escritores”, xa que, como veremos en 2.2.3, de mediados do século XIX a 1936 esta foi a variante máis usada no galego escrito⁹. Xunto a este do uso literario, o argumento do carácter popular de *-bre* (“é a que mellor s’axeita á nosa fala”) pesou tamén na selección de LUGRÍS, que rexeitou explicitamente a solución *-bel* por considerala portuguesa e non galega.

Durante a Segunda República, se ben na brevíssima *Engádega as Normas pra a unificación do idioma galego* (1936) do Seminario de Estudos Galegos se escribiu *probablemente* (p. 3), *-bre(s)* foi a variante pola que a mesma institución optara no texto d’*Algunhas normas pra a unificación do idioma galego* (1933), onde se len *factibre* (p. 3) e *infrexibres* (p. 6). O Seminario, en 1933, logo de recordar que galego e portugués marcharan xuntos “ata fins do séc. XIV” (p. 4), afirmaba que despois seguiran traxectorias distintas, o que impediría “toda posibilidade de adaptar lisa e totalmente a nosa lingua ás normas que rixen a bela fala de Portugal” (p. 5). Do seu punto de vista, o achegamento do galego ao portugués só se debería practicar para lles dar solución aos “valdeiros que hai que encher no noso idioma” (p. 5).

Por tanto, nas gramáticas sincrónicas e propostas normativas anteriores a 1936 a variante á que se lle deu notoria preferencia foi *-bre*, xa de forma explícita, xa implicitamente.

⁹ Nesta onda situouse tamén R[amón] A[lvariño] 1919, pseudónimo de Leandro Carré Alvarellos, que no seu *Compendio de gramática galega* non se pronunciou explicitamente sobre este sufixo mais utilizou *-bre(s)* na súa redacción. Véxanse *variabres* (p. 5), *invariabres* (p. 5), *indecrinabre* (p. 33)...

Despois da Guerra Civil non atopo nada digno de especial mención ata 1967. Ese ano saíu do prelo a *Gramática gallega* de Leandro Carré Alvarellos, na que se avogaba polo emprego dunha variante que, como máis abaixo veremos, gozou de bastante uso literario durante a reconstrución posterior á Guerra Civil. Tratábase de *-bele*:

ADJETIVOS TERMINADOS EN *BELE* O *BRE*. En los documentos antiguos figura escrito *favorábele*, *móbele*, etc., y aún se pronuncia así en muchos lugares de Galicia; tenemos recogido *caroábele* (afable, amable), *estábele* (estable, permanente) y otros. En portugués escríbese actualmente *favoravel*, *movei*, etc., y algunos escritores gallegos tienen usado esa forma, otros emplean *apracibre*, *factibre*, etc., como dicen también los paisanos de algunos lugares. En el Diccionario de la R. Academia Gallega figura *apracible*.

Estimamos que en gallego literario debemos escribir según la forma clásica *apracíbele*, *comesíbele*, directamente ligada con el latín *comesibilis*, *factibilis*, etc. (Carré Alvarellos 1967: 24-25)

Por tanto, en 1967 Carré non aconsellaba o emprego literario da variante *-vel*, que el presentaba como portuguesa, nin tampoco o daquela que entón recoñecía como galega e que fora ademais a que empregara na redacción do *Compendio de gramática galega* que en 1919 publicara co pseudónimo R.A.: *-bre*. A variante que el recomendou en 1967, *-bele(s)*, foi tamén a que utilizou na escritura do *Epítome de gramática galega* que elaborou en 1969 e que entón permaneceu inédito (cf. Freixeiro Mato 2017: 85, 120...). Como argumentos que motivaron esta selección de Carré actuaron dúas estratexias depuradoras do castelanismos ás que xa apelara LUGRÍS, coas limitacións sinaladas para a primeira delas: o uso medieval (“los documentos antiguos”) e mais o uso popular (“aún se pronuncia así en muchos lugares de Galicia”).

Moi pouco despois, logo de en 1970 dar ao prelo unhas *Normas ortográficas do idioma galego*, en 1971 a Real Academia Galega publicou unhas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* nas que, en relación con sufixo *-bel* / *-ble*, fixou como criterios para

tomar unha decisión sobre a forma con que debería utilizarse o uso medieval e a “coincidencia” co portugués para *-bel* e só “a tradición” para *-ble*:

Estábil, *semellábel*, *móvel*, son solucións que aparecen nos documentos galegos desde o século XIII. Están, pois, abonadas pola historia. Coinciden co portugués. Igualmente está documentado o plural *moviis*¹⁰. Pero a tradición non é unánime. As outras formas admitidas aparecen tamén xustificadas (Real Academia Gallega 1971: 26).

Sobre esta base, a Academia prescribía o seguinte:

O sufixo latino *-BILE*, propio de adxetivos incorporados á lingua cando ésta xa estaba formada, resólvese en *-bel*: *estábel*, *solúbel*. Fican coas súas formas primitivas aqueles poucos vocábulos que nos foron legados con outras solucións pola lingua antiga, como *nobre*. Os de moderna incorporación, non respaldados polo uso popular ou literario nas formas indicadas, admiten a solución *-ble* do sufixo (Real Academia Gallega 1971: 29).

Certamente, para o escritor non experto en historia da lingua sería ben complicado discernir a partir desta prescrición que adxetivos admitirían a solución *-ble* e cales non. Como ben se sabe, foi o académico Ricardo Carvalho Calero quen elaborou estas normas. Pois ben, cando en 1979, xa partidario da orientación reintegracionista para o galego, o profesor ferrolán publicou a sétima edición da súa *Gramática elemental del gallego común*, inseriu nela “las normas morfológicas de la Academia Gallega, en la versión reformada que hemos propuesto para la próxima edición” (Carballo Calero 1966, 7ª ed., 1979: 264). Pois ben, nesta proposta de normas reformadas que el elaborara en 1979 estaba a relativa ao sufixo que estudo neste artigo, da que Carvalho quitou entón a disposición de que os vocábulos de “moderna incorporación” admitían a solución *-ble*:

El sufixo latino *-BILE*, propio de adxetivos incorporados a la lengua cuando ésta ya estaba formada, se resuelve en *-bel*: *estábel*, *solúbel*. Quedan con sus formas primitivas aquellos pocos

¹⁰ É probable que este dato se tirase dun documento de 1302 que anos antes dera a coñecer Xesús Ferro Couselo en *A vida e a fala dos devanceiros* (1967): “E pagado este que eu mando, do que remeeçer, faço herees en tódolos meus bees *mouiiis* e non *mouiiis* meus fillos e mias fillas” (VFD, I, p. 56).

vocablos que nos fueron legados con otras soluciones por la lengua antigua, como *nobre* (Carballo Calero 1966; 7ª ed., 1979: 266).

Pola súa parte, o Instituto da Lingua Galega, fiel ao seu principio de manter a máxima proximidade posíbel respecto da lingua popular, optara pola solución *-ble* na redacción en galego dos seus manuais de aprendizaxe *Galego 2* (1972) e *Galego 3* (1976). Neste último expresou de forma explícita esta escolla, sen acompañala de ningunha xustificación (Instituto da Lingua Galega 1976: 198).

Á espera de que o tempo e o uso ditasen sentenza sobre a súa pugna, nas *Bases pra unificación das normas lingüísticas do galego* (1977: 23) admitíronse ambas as variantes: *-bel* (con plural *-beis* ou *-beles*: *amábeis* ou *amábeles*) e *-ble(s)*. Era esperábel que así fose, xa que este opúsculo recolleu os acordos aos que se chegou nunha serie de seminarios en que participaron persoas da órbita do Instituto da Lingua Galega e da Real Academia Galega (que secundaron a presentación de *-ble* como “solución castelá”) e persoas de orientación reintegracionista. A decisión explicouse así:

A forma autenticamente galega era *-vel*¹¹, que nós escribiremos con *b* pra sermos coherentes coa nosa ortografía. A forma *-ble* é, con todo, a única existente no galego falado hoxendía; o triunfo desta solución castelá veríase favorecido polo feito de seren todas palabras cultas. Parece que a escolla entre as dúas debe facela a práctica e o tempo, pois que unha representa a nosa tradición e a outra a fala de hoxe (p. 23).

Diciase, por tanto, que o uso medieval facía recomendábel a selección de *-bel*, mentres que a referencia do moderno galego popular apuntaba cara á “solución castelá” *-ble*. Nestes mesmos termos pronunciouse a Comisión de Lingüística designada en 1980 pola Xunta de Galicia para elaborar unhas *Normas ortográficas do idioma galego* que orientasen os usos oficiais da lingua que daquela se estaban a es-trear no contexto da Preautonomía. Integrada

por representantes da Academia, do Instituto e da Facultade de Filoloxía da universidade compostelá que defendían orientacións estandarizadoras diverxentes, esta comisión emitiu un ditame que permitía tanto o uso de *-bel*, variante “prestixiada pola maior presenza na literatura e lingua antigas”, coma o de *-ble*, “prevalente na fala actual”, aínda que, dándolle máis peso ao argumento do “uso antigo”, recomendaba a primeira (*apud* Rábade 1980: 30). Ante esta disxuntiva, a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (1980: 18) tiña ben clara a súa opción, que non era outra ca aquela que desde aqueles anos ata hoxe veu defendendo en xeral o nacionalismo de esquerdas ao que tal organización está vinculada: “*-bel* é a única solución galega de *-BILE*, xa que *-ble* é española. Por iso –concluía–, debemos escribir: *agradábel, invencíbel, louvábel, estábel, móbel, posíbel...*”¹². A depuración do que se consideraba “españolismo” alzábase aquí como argumento decisivo.

Aínda mantendo a validez de ambas as variantes para este sufixo, o texto da Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega¹³ (1982: 39-40) que había de converterse en expresión oficial da variedade estándar, as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, deulle marcada preferencia a *-ble*. Os argumentos en que este ditame se baseou foron os seguintes: 1) mentres que nos textos portugueses medievais se rexistran as solucións *-vel* e *-vil* (plural *-viis*), con triunfo final para *-vel* (plural *-veis*), nos galegos déronse as seguintes, con alternancia gráfica entre e <v>: *-vel*, *-vil*, *-vele* e *-ble* no singular, e *-vi(i)s*, *-viles* e *-veles* (“con moito a máis frecuente”) no plural; 2) en galego non se deu nunca un plural *-veis*, “totalmente extraño á [súa] morfonoloxía”; 3) “a forma *-vel* antiga é minoritaria en relación coas outras solucións”; 4) hai “documentación de formas como *estable, establecido, establecido* desde época antiga”; 5) *-ble* é a solución “que se dá tamén en palabras populares como *moble* e *feble* (lat. *mobile* e *fleBILE*)”;

¹¹ Discrepo de Alonso Pintos 2006: 233 cando afirma que nestas *Bases* é o “criterio lusista” o que está detrás da “prioridade outorgada ao sufixo *-bel* [...] no canto de *-ble*”. Como pode verse nesta cita, o argumento que nelas se deu para xustificar esta toma de posición foi o de que *-vel* era a “forma autenticamente galega”, é dicir, apelábase, sen nomealo explicitamente, ao uso medieval, que era o autenticamente galego, mentres que *-ble* se presentaba como “solución castelá”.

¹² Loxicamente, na versión reintegracionista destas normas o que a AS-PG postulaba era o uso de *-vel* (Asociación Sócio-Pedagóxica Galega 1980: 60).

¹³ De aquí en diante citareinos como RAG / ILG.

6) *-ble(s)* impúxose como única solución en todo o territorio galego e documéntase tamén no norte de Portugal; e 7) *-ble* é a solución adoptada tamén por linguas como o francés, o inglés, o catalán e o castelán. Por todo isto, prescribíase que a solución moderna para este sufixo é *-ble*, se ben, “debido á súa presenza na lingua escrita xa desde o séc. XIX”, tamén se podería utilizar “a solución portuguesa *-bel*, *-beis*, que algúns escritores galegos adoptaron, aínda que, polas razóns anteditas, non pareza recomendable” (p. 39). Este ditame, por tanto, buscaba tamén na lingua medieval argumentos para despezar dúbidas sobre o posíbel carácter castelanizante de *-ble*, complementándoos con referencias ao portugués popular do norte e a outras linguas románicas. A que si se rexeitaba era a variante *-bre*, moi frecuente na literatura ata a Guerra Civil¹⁴, que se explicaba ben como hipergaleguismo, ben como “unha extensión abusiva da tendencia do galego a rotatizalo *l* tras oclusiva” (p. 40).

A contestación máis extensa que recibiu este texto normativo aprobado en 1982 pola Academia e o Instituto foi o *Estudo crítico das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* da Associação Galega da Língua, AGAL (1983, 2ª ed. 1989: 88-89). Nesta réplica conviñábase coa RAG e o ILG no relativo ao que antes enumerei como terceiro argumento¹⁵, nada se dicía sobre o sétimo e rebatíanse todos os outros. Ao primeiro e ao segundo, e especialmente ao adxectivo *portuguesa* que a resolución académica aplicara á variante *-bel*, *-beis*, replicouse, sen máis explicacións, que “as solucións *-bel*, *-beis* (na nosa ortografía

-vel, *-veis*) nom se devem considerar portuguesas senom autenticamente galegas”. Ao cuarto respondeuse, con toda a razón, que as variantes con mantemento da vogal postónica (*estabelecer...*) son, “com muito, as dominantes nos textos medievais”¹⁶. Acerca do quinto sinalouse que *móvel* se rexistra na tradución galega da *General Estoria*, aínda que, consonte o TMILG, o que nese texto aparece son exactamente o singular *mouele* e o plural *moueles*¹⁷. Verbo do sexto díxose que a deriva fonética da nosa lingua puido conducir a *-ble*, tamén no norte de Portugal, mais que a xeneralización do uso desta variante veu ditada pola presión exercida polo castelán:

As formas como *estavele* (com *-e* paragógico como nos infinitivos *amare*, *colhere*) explicam as realizacións do tipo *estavle* ou *estable*, do galego actual ou de puntos isolados do portugués do Norte¹⁸, por síncope do *e*, freqüente na fala coloquial (compare-se co vulgar *inutle* por *inútil*). Deste xeito conflúen coas formas españolas correspondentes *-estab(e)le* de *stabilis* igual que *estab(e)lecido-*, e, por presión da lingua oficial, reforça-se dita confluência (p. 88).

Verbo desta presión engadiuse que “o grande número de palabras cultas em *-ble* provenientes do español¹⁹ logrou varrer da fala a solución genuína e espontánea em *-vel*” (p. 88), analogamente ao acontecido con outras variábeis morfolóxicas. Como consecuencia de todo isto, e por “harmonia co portugués”, AGAL concluía que “devemos preferir [...] as formas em *-vel* / *-veis* (*possível*, *possíveis*)²⁰, únicas formas *literárias*²¹ medievais, e de acordo com

¹⁴ Así o comprobaremos en 2.2.3.

¹⁵ “A formaçom em *-vel* é pouco freqüente na época medieval” (p. 88).

¹⁶ Tamén se dixo, sen achegar argumentos, que estas formas non se crearon “a partir de *estable* senom do verbo latino **stabiliscere*, que se resolve logicamente em *estabelecer*” (p. 88). Do meu punto de vista, a deriva diacrónica da nosa lingua entre a fase latinovulgar e o Medioevo mostra numerosos casos de síncope de vogais pretónicas internas (*salgueiro*, *verdade...*), polo que de **stabiliscere* tamén se podía chegar en evolución non interferida a *estabelecer*, forma que en todo caso, como apuntaba AGAL, si foi unha variante minoritaria no galego medieval (cf. TMILG).

¹⁷ Agradezo a Ricardo Pichel que me confirmase sobre o manuscrito, que eu mesmo vin tamén, estas dúas lecturas.

¹⁸ Con todo, liñas máis abaixo, ao final do apartado, aínda se apuntou que, “por tratar-se de formas semicultas, nom resultarían em portugués dialectal *-ble* / *-vle*, senom, se a evolución fosse genuína, *-bre* / *-vre* (p. 89). Por tanto, creo que con esta observación se viña a negar que as variantes *-ble* / *-vle* do portugués do norte fosen solucións “xenuínas”.

¹⁹ A meu parecer, a incorporación deste tipo de voces cultas desde o castelán cobrou forza na nosa prosa notarial desde mediados do século XV e intensificouse en distintos campos semánticos nos séculos posteriores, cando o galego deixou de ser unha lingua en que a incorporación de novo léxico intelectual, científico e técnico se fixese autonomamente, sen mediación da lingua dominante.

²⁰ Loxicamente, esta é tamén a solución que AGAL 2017 emprega no prontuario titulado *Ortografía galega moderna confluente com o portugués no mundo*.

²¹ As itálicas non son miñas, senón do orixinal. Realmente, os nosos textos medievais en verso e en prosa literaria ou histórica presentan *-vel(e)* ou *-vil(e)* no singular e *-veles*, *-viles* ou *-vijs* no plural (cf. Mariño Paz 2005).

isto, o substantivo e adjectivo *móvel* (registrado na *General Estoria*)” (pp. 88-89). Por conseguinte, AGAL apelou ao uso maioritario medieval, á harmonía do portugués e ao carácter “españolizante” de *-ble* para defender en exclusiva a escolla da solución *-vel / -veis*.

Xunto a algúns cambios na redacción do texto que non afectaban o contido, na versión revisada das *Normas* que a RAG e o ILG publicaron en 1995 retirouse a referencia ao inglés no argumento 7. Ademais, na prescrición, en vez de dicir que tamén se podería empregar “a solución portuguesa *-bel, -beis*, que algúns escritores galegos adoptaron”, pasouse a indicar que se podía “utilizar tamén a solución *-bel, -beis* (*amábel, amábeis*), que algúns escritores galegos adoptaron por influxo do portugués” (RAG / ILG 1982, 13ª ed. 1995: 60). Atenuábase, por tanto, a consideración de *-bel / -beis* como solución allea ao galego, ao non cualificala directamente como portuguesa, mais tampouco se lle daba plenamente a consideración de forma propia, xa que se afirmaba que os que a adoptaran o fixeran “por influxo do portugués”.

Onde a Academia e o Instituto si realizaron correccións de grande alcance foi na edición revisada das *Normas* de 2003, na que en busca da “concordia lingüística” se introduciron “aspectos asumibles doutras propostas normativas”, o que motivou a “inclusión de solucións dobres, algunhas das cales xa estaban presentes nas normas anteriores, pero quizais non formuladas coa suficiente claridade” (RAG / ILG 1982, 18ª ed. 2003: 59-60). A da variábel *-bel, -beis / -ble(s)* foi unha das cuestións que máis a fondo se reformularon. No tocante á fundamentación sobre a que se sustentou este novo ditame, retiráronse os argumentos que antes enumerei como 2, 3, 4 e 5²², mantivéronse sen modificacións o 6 e o 7 e fixéronse cambios formais no 1: explicitouse caso por caso a alternancia gráfica <b / v> e alterouse a orde de presentación de variantes no número singular. Alén disto, a observación sobre o uso de *-bel* na lingua escrita moderna despoixouse de toda referencia ao portugués e desprazouse

da sección do ditame á sección da argumentación, escrita con letra máis miúda: “De por parte, *-bel, -beis* (*amábel, amábeis*) ten tamén unha importante presenza na lingua escrita xa desde o século XIX” (RAG / ILG 1982, 18ª ed. 2003: 60). Deste xeito, prescindíase case por completo do conxunto de argumentos inspirados na lingua medieval cos que se buscara despear dúbidas sobre o carácter castelanizante de *-ble* e incorporábase un argumento novo que contribuía a sustentar a principal novidade do ditame, por máis que, como veremos en 2.2.3, sendo certo que a variante *-bel* se empregou na lingua escrita do XIX, non o era que tivese nela unha presenza importante. Sobre esta base, o ditame normativo prescindiu da declaración de *-ble* como variante preferíbel ou prioritaria, mais non sen lle conceder o primeiro lugar na presentación da resolución e non sen que fose ela a escollida para a redacción do texto normativo: “A solución moderna para as palabras cultas que teñen o sufixo latino *-BILIS* é *-ble* ou *-bel*” (RAG / ILG 1982, 18ª ed. 2003: 60).

As gramáticas dadas ao prelo a partir do ditame oficial de 1982 foron concisas no tratamento desta cuestión. Álvarez, Regueira e Monteagudo (1986: 114) non mencionaron a variante *-bel* e só dixeron isto: “*-ble*: comestible, razoable...”. Freixeiro Mato (1999: 231) só contemplou a variante *-bel*, para a que indicou que pode presentar a forma *-ábel* (*agradábel*) ou a forma *-ibel* (*críbel*). E Álvarez e Xove (2002: 708) informaron sobre a “opcionalidade da lingua estándar de optar por *-ble, -bles* (*destacable, -bles*) ou por *-bel, -beis* (*destacábel, -beis*)”.

2.2.2. Traballos de investigación

Para a consecución dos obxectivos deste artigo paréceme conveniente presentar ou recordar aquí o que se pode ler en catro obras relativamente recentes.

Na súa monografía sobre a sufixación nominal no galego actual González Fernández (1978: 140) afirmou o seguinte a propósito de

²² Consonte os datos que expuxen en Mariño Paz 2005 e o TMILG, coído que: 1) era certo o argumento 2; 2) non o era o 3 (no singular, *-vel* e *-vil* foron as solucións maioritarias ata ca. 1400 e *-vel* e *-vele* fórono entre ca. 1400 e ca. 1450; no plural predominaron *-veles* e *-viles* ata ca. 1450; o gran salto adiante de *-ble(s)* produciuse despois de 1450); e 3) era manifestamente incompleta a información que se ofrecía no 4 e no 5: no 4 porque se omitía o dato de que nas fontes do galego medieval son moito máis frecuentes as formas alternativas do tipo de *estabelecer* e no 5 porque non se dicía que nas fontes medievais tamén hai moitos rexistros de *móvel(e)* e variantes. Evidentemente, coa retirada destes argumentos achandábase o camiño para fundamentar o ditame normativo de 2003.

“-ble < bile(m)”: “se inclúen -able, -ible, y poderían citarse formas como -bel, -bele, -bre, -abre, -ibre, -vel, -avel, todas elas procedentes do mesmo étimo, y que se usan en gallego (sobre todo en o escrito), aunque en o habla viva, y por influencia do castelano, es -ble (-able, -ible) la que prevalece sobre las demás”. É importante a puntualización de que as variantes distintas de -ble apenas tiñan naquela altura circulación na lingua oral. Tamén o é a opinión de que esta se utiliza por influencia do castelán.

Pola súa parte, Manuel Ferreiro (1997: 146-147), no seu volume de lexicoloxía histórica do galego, presentou -bel como a variante de referencia e engadiu que “compite no estándar lingüístico con -ble, forma debida á presión do español”. Igualmente sinalou que na “lingua antiga” presentaba solucións como -vel(e), -vil(e), -bel(e) e -bil e aínda que no século XIX “a forma xeral debía ser -bre, como testemuñan literariamente autores como Pondal [...] e Rosalía”. Como veremos, os datos que ofrecerei no apartado 2.2.3 confirman plenamente esta última afirmación.

Sobre a variación da forma deste sufixo no galego medieval tratei en dous traballos anteriores (Mariño Paz 2005, 2016) que resumín no apartado 1 deste artigo.

2.2.3. Textos escritos

As limitadas proporcións da produción escrita dos primeiros decenios do XIX permiten facer nela unha busca exhaustiva de datos sobre a variábel -bel / -ble que poden caber nunha exposición coma esta, que debe ter os límites propios dun artigo. Por este motivo, ofrezco a seguir todos os rexistros que puiden recadar na colectánea de textos en galego de entre finais do século XVIII e 1846 que leva o título de *Papés d'emprenta condenada*. Todos eles presentan as variantes con síncope da antiga vogal postónica interna, case sempre -ble(s):

-BLE(S): *afables* (Papés1, p. 394, ca. 1836), *apacible* (Papés1, p. 294, ca. 1826-1828; p. 572, ca. 1846), *conversible* (Papés1, p. 30, 1807), *equitabile* (Papés1, p. 402, 1837), *horrible* (Papés1, pp. 501, 516, ano 1845), *imposible* (Papés1, p.

33, 1807; p. 97, 1812; p. 435, ca. 1837; p. 548, 1846), *infelibles* ‘infalíbeis’ (Papés2, p. 469, 1835), *incontrastable* (Papés1, p. 394, ca. 1836), *inviolable* (Papés1, p. 360, 1836), *irreconciliable* (Papés1, p. 396, ca. 1836), *miserables* (Papés1, p. 81, 1812; p. 532, 1845), *posible* (Papés1, p. 81, 1812), *respetable* (Papés1, p. 594, 1801?), *sensible* (Papés1, p. 398, ca. 1836), *temible* (Papés1, p. 389, ca. 1836), *terrible(s)* (Papés1, pp. 66, 68, 69 -2 v.-, ano 1810; Papés1, p. 339, 1836; Papés1, p. 384, ca. 1836), *vengatible* (Papés1, p. 403, 1837), *visible* (Papés1, p. 384, ca. 1836) // A partir da base *estable* creáronse *establece* (Papés1, p. 360, 1836), *establecemento(s)* (Papés1, pp. 393, 394, ca. 1836; p. 546, 1846), *establecendo* (Papés1, p. 393, ca. 1836), *establecer* (Papés1, pp. 393, 400, ca. 1836), *estableceu* (Papés1, p. 384, ca. 1836), *establecido* (Papés1, p. 116, 1813), *establecimiento* (Papés1, p. 396, ca. 1836) e *establesese* (Papés1, p. 151, 1813)²³.

-BRE(S): *imposibre* (Papés1, p. 382, ca. 1836), *posibre* (Papés1, p. 397, ca. 1836)

De mediados do XIX en diante a produción de textos en galego foi en progresión constante, polo que a partir de aquí é obrigado renunciar á exhaustividade. O que deseguido ofrecerei serán só os datos relativos ao emprego, en fontes posteriores a 1846, das variantes do nome formado con este sufixo que, consonte Bugarín López (2007: 91-224), é o máis frecuente no galego de hoxe: *posíbel*, que funciona preferentemente como adxectivo, mais tamén pode facelo como substantivo. Presentarei os resultados desta exploración agrupándoos en catro grandes etapas que, do meu punto de vista, poden considerarse no proceso de ampliación do cultivo escrito da lingua galega promovido polo galeguismo cultural e político. Na primeira delas, da década de 1840²⁴ a 1915, o purismo descastelanizador, non sendo descoñecido, estivo lonxe de alcanzar a intensidade que si coñeceu entre 1916 e 1936, cando o nacente nacionalismo se converteu na vangarda que impulsou un cultivo do galego animado por esixentes demandas de intelectualización, desruralización e descastelanización. Interrompido este proceso pola imposición do franquismo en Galicia xa en xullo de 1936, nos anos seguintes foise traballando, entre grandes

²³ Tamén se le *hable* ‘hábil’ (Papés1, pp. 32 e 34, 1807).

²⁴ Dado que todos os rexistros datábeis ata 1846 xa os anotei a partir da exploración de Papés1 e Papés2, as buscas que neste apartado farei a partir de aquí iniciáronse en 1847.

dificultades, nunha recuperación da regularidade da escritura e a publicación en galego que desde os anos sesenta se fixo xa co concurso de gramáticas e breves propostas normativas que a partir de entón se foron dando ao prelo. Recuperada a democracia e aprobado o Estatuto de Autonomía que en 1981 declarou o galego lingua cooficial, coa aparición das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1982) entrouse nunha fase de estandarización planificada que se prolonga ata hoxe, mais non sen un debate entre unha visión do galego como lingua autónoma e outra que o conceptúa como variedade do portugués que perdeu intensidade tras a reforma das normas oficiais de 2003 pero non desapareceu.

Os recursos informatizados dos que me servín para facer esta exploración foron o TILG (*Tesouro Informatizado da Lingua Galega*) e o CORGA (*Corpus de Referencia do Galego Actual*).

O primeiro deles compila máis de 3000 documentos producidos entre 1612 e 2013. Desta compilación excluíronse os textos de orientación reintegracionista producidos nas últimas décadas, xa que se inscriben no proceso de construción dun estándar distinto do oficial, que é o que está no punto de mira deste recurso informático. Os datos que recompilei acudindo a esta fonte son os seguintes:

- Período 1847-1915. Total de rexistros: 216. *Posible(s)*: 48 (22.2%). *Posibre(s)*: 159²⁵ (73.6%). *Posíbel*: 8 (3.7%)²⁶.
- Período 1916-1936. Total de rexistros: 646. *Posible(s)*: 88 (13.6%). *Posibre(s)*: 400²⁷ (61.9%). *Posíbel / -beis*²⁸: 157 (24.3%)²⁹.
- Período 1937-1981. Total de rexistros: 805. *Posible(s)*: 287 (35.7%). *Posibre(s)*: 60 (7.4%). *Posíbel / -beis*³⁰: 458 (56.9%).
- Período 1982-2013. Total de rexistros: 3.965. *Posible(s)*: 3.233 (81.5%). *Posibre(s)*: 6 (0.2%). *Posíbel / -beis*³¹: 726 (18.3%).

²⁵ Incluíu aquí 15 rexistros de *pusibre(s)*.

²⁶ Hai tamén un rexistro de *posibe* (0.5%).

²⁷ Incluíu aquí tres rexistros de *pusibre*.

²⁸ Agrupo aquí as seguintes variantes de singular e plural: *posíbel* (83), *posibeis* (2), *posíbels* (3), *posibele(s)* (68), *posibile* (1).

²⁹ Hai tamén un rexistro de *posibes* (0.2%).

³⁰ Agrupo aquí as seguintes variantes de singular e plural: *posíbel* (355), *posibeis* (18), *posíbels* (12), *posibele(s)* (73).

³¹ Agrupo aquí as seguintes variantes de singular e plural: *posíbel* (547), *posibeis* (178), *posibeles* (1).

³² Máis raramente aínda se pensamos que catro dos seus oito rexistros aparecen en realidade en catro edicións distintas da mesma poesía: a “Panxoliña de Nadal” de Francisco de la Iglesia, publicada en 1857, 1862, 1885 e 1892.

Reflecto estes datos na Figura 1, na que, para evitar unha presentación dispersa, agrupei baixo o rótulo *posíbel / -beis* todas as variantes que se caracterizan por non coñeceren a síncope da antiga vogal postónica interna.




Figura 1. Variantes de *posíbel* no galego escrito contemporáneo (1847-2013). Fonte: TILG

Nas fontes anteriores á eclosión do nacionalismo galego que para o estudo desta cuestión escrutei, datadas entre 1847 e 1915, obsérvase un triunfo case indiscutido das variantes con síncope da vogal postónica. É moi notábel neste tempo a preferencia pola solución con *-bre(s)*, que, baseada na secular tendencia popular do galego a adaptar con consoante vibrante os cultismos e préstamos tardíos que contiñan un grupo consonántico homosilábico con líquida lateral como segundo elemento, gozou de moito apoio por parte de escritores e gramáticos do Rexurdimento e da Época Nós, ata o estalido da Guerra Civil española (cf. Mariño Paz 2017: 568-569). Trátase tamén, significativamente, da variante pola que de forma tácita optou Saco Arce na súa *Gramática gallega* (1868), segundo vimos en 2.2.1. A solución *-bel* aparece moi raramente antes de 1916³², como cabe esperar dunha época en que as preocupacións depuratoras de castellanismos seguros ou posibeis eran relativamente pouco intensas e o coñecemento do galego medieval aínda escaso e pouco xeneralizado. Neste tempo parécenme especialmente reveladores

tres dos seus rexistros, debidos a Francisco (en poesías de 1857 e 1892) e Antonio de la Iglesia (nun texto de 1859), que creo que cómpre relacionar co labor de recolección de poesías en galego que Antonio iniciara na década de 1850 (cf. Saurin de la Iglesia 2003: 103-115) e tamén co proxecto de exhumar fontes en galego e en castelán producidas en Galicia desde a Idade Media ata o século XIX que os dous irmáns materializaron na publicación *Galicia. Revista Universal de este Reino* (A Coruña, 1860-1865) (cf. Saurin de la Iglesia 2000). Os de la Iglesia debían de saber desde a década de 1850 do uso da variante sufixal *-vel / -bel* no galego medieval, quizais debido a probábeis traballos en arquivos, talvez pola lectura de autores como o padre Sarmiento ou por algún outro motivo. Xunto a eles, Heraclio Pérez Placer foi outro escritor do Rexurdimento que gustou de recuperar esta variante e que, coma Francisco de la Iglesia, adoptou nas súas obras finiseculares algunhas solucións para as que puido inspirarse tanto na lingua medieval coma no portugués (cf. Freixeiro Mato, Sánchez Rei e Sanmartín Rei 2005: 681-682, 687-688).

Na época de irrupción e rápido progreso do nacionalismo e de intensificación da actividade cultural galeguista que se viviu de 1916 a 1936 experimentou un ascenso importante o uso das variantes sen síncope da vogal postónica, que aparecen desde 1917 e con moita continuidade ata 1936 en publicacións como *A Nosa Terra*, *Nós*, *Rexurdimento* ou *Logos*, editoriais como *Céltiga*, *Lar e Nós* e autores como Amado Carballo, Antón Villar Ponte, Castelao, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Rafael Dieste e outros. Coas esixencias de depuración e diferencialismo que entón orientaron esta reactivación da variante máis abundante no noso pasado medieval, que por outra parte presentaba, polo menos para algúns, o atractivo de ser máis semellante á portuguesa, hai que relacionar tamén o mantemento do gusto pola solución popular *-bre*, que é a empregada maioritariamente, e o recuamento da coincidente coa do castelán. As obras gramaticais e normativistas da época sustentaron esta preferencia por *-bre*, como vimos en 2.2.1. Recórdese que en 1922 o gramático Lugrís Freire prescribiuna

como a mellor opción, admitiu *-ble* como tamén “lexítima” e condenou *-bel* sen paliativos, por considerala unha solución “sinxelamente portuguesa, barbarizada na ortografía”. E lembrese tamén que o Seminario de Estudos Galegos, sen se pronunciar explicitamente sobre a cuestión, empregou *-bre* e *-ble* nos textos das súas propostas normativas e propuxo un recurso moi limitado ao portugués na tarefa de *unificación* do idioma galego. A maior parte dos autores daquelas dúas décadas empregaron na súa obra máis de un dos tres tipos de variantes en xogo. Cabe a mesma observación para as publicacións periódicas.

Durante o período de resistencia vivido baixo o dominio da pouta franquista e durante a Transición (1937-1981) a opción pola que máis se optou foi xa *posibel*, coas súas variantes de singular e plural. Antes de 1951 só achei tres casos de *posibele(s)* entre os materiais recollidos da tradición oral que deixou inéditos José Augusto Ventín Durán (datados en 1938 e 1942) (cf. Ventín Durán 2007) e dous de *posibeis* no *Sempre en Galiza* de Castelao (Buenos Aires, 1944), mais de 1951 en diante a preferencia pola solución *posibel*³³ progresou sostidamente ata principios dos 80, xa da man dos autores que publicaron en Galaxia (Ramón Piñeiro, Celestino Fernández de la Vega, Ánxel Fole, Rof Carballo, Méndez Ferrín, Domingo García-Sabell, Silvio Santiago, Moure Mariño, Xosé Manuel Beiras, Eduardo Blanco-Amor, Vilas Nogueira, Camilo Nogueira...), xa tamén nas obras dos que o fixeron en Monterrey (Xosé Ramón Fernández-Oxea), Castrelos (Celso Emilio Ferreiro), Ediciós do Castro (Moure Mariño, Daniel Cortezón), SEPT (Fuenmayor Champín, Álvaro d’Ors) e Xerais (Antón Tovar, Martínez Marzoa, Méndez Ferrín) ou nas bonaerenses *Nós* (Xaquín Lorenzo), *Citania* (Ramón de Valenzuela) ou *Galicia* (Blanco-Amor). Entre as opcións con síncope vocálica, que unidas sumaban só o 43.1% dos usos, postergouse agora a máis popular *posibre*, que lemos en obras de Otero Pedrayo, Carvalho Calero, Cunqueiro, García-Sabell, Pousa Antelo ou García Barros, e preferiuse *posible*, que abunda no *Sempre en Galiza* de Castelao e tamén en libros dados ao prelo por Galaxia

³³ A minoritaria *posibele(s)* tamén se usou bastante en publicacións de Galaxia: obras de García-Sabell, Rof Carballo, Méndez Ferrín, Otero Pedrayo, Xosé Manuel Beiras, Camilo Nogueira..., cun último rexistro en 1975, nun traballo de arquitectura debido a Manuel Gallego Jorreto. Tamén se acha en *A fronteira infinda*, de Celso Emilio Ferreiro, publicada por Castrelos en 1972.

(Ramón Piñeiro, Suárez-Llanos, Iglesia Alvariño, Cunqueiro, Bernardino Graña, Silvio Santiago, Carlos Casares...), Castrelos (Celso Emilio Ferreiro, García Barros), Ediciós do Castro (Neira Vilas), Xerais (Martínez Oca), a bonaerense Nós (Otero Pedrayo, Vicente Risco, Isidro Parga Pondal, Xaquín Lorenzo) e outras editoras. Este cambio nos usos predominantes nos textos escritos produciuse nun contexto en que, como vimos en 2.2.1, entre gramáticos e prescritesores foi perdendo forza o argumento lexitimador do galego popular ao tempo que se reforzaba o do galego medieval, que podía acompañarse, complementariamente, co do achegamento ao portugués.

Tras o ditame normativo de 1982, favorábel á variante *posible* mais sen condenar o uso de *posíbel*, deveu amplamente maioritaria a solución recomendada pola Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega, que se le en todo tipo de editoriais, comerciais e institucionais, e en moi diversos autores. Con todo, non é desprezábel o uso de *-bel* –con pouco menos dun 20%– que se le en autores que publicaron nas dúas editoras principais, Galaxia (Rábad de Paredes, Vitor Vaqueiro, Carlos Mella) e Xerais (Martínez Oca, Ledo Andión, Méndez Ferrín, Manuel Rivas, Anxo Angueira), mais tamén en Sotelo Blanco (Lois Diéguez, Xoán Ignacio Taibo, Méndez Ferrín), Laivento (Paulino Pereiro, Caride Ogando), Espiral Maior (Carlos Paulo Martínez Pereiro, Afonso Eiré), A Nosa Terra (Xavier Vence) ou Ediciós do Castro (Ramón Máiz, Antón Alonso Ríos). Nesta época *posibre(s)* desapareceu case por completo. Convén non esquecer que o TILG non recolle textos de orientación reintegracionista, polo que nesta exposición de resultados non aparece a opción *possível* / *-veis*.

Máis pormenores sobre o percurso desta variábel morfolóxica nas últimas décadas pode proporcionárnolos o *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA), que reúne textos producidos desde 1975 ata 2016 entre os que se inclúen transcricións de programas de radio. Os números que obtiven nesta exploración reflíctense graficamente na Figura 2, e son os seguintes:

Total de rexistros: 14.370. *Posible(s)*: 11.969³⁴ (83.3%). *Posíbel* / *-beis*³⁵: 2.401 (16.7%).

A proporción de uso de *posíbel* e as súas variantes de singular e plural que detectei no CORGA (16.7%) aproxímase moito á que obtiven da consulta do TILG para o período 1982-2013 (18.3%), polo que creo que se pode afirmar con garantías que a representatividade das mostras debe de ser elevada no tocante a este pormenor. Trátase en ambos os casos de algo menos de unha quinta parte dos rexistros, que se mantén de forma constante ao longo dos 41 anos que van de 1975 a 2016. No CORGA, esta variante non aparece nunca en textos consistentes na transcripción de programas de radio, senón sempre en fontes xa orixinalmente escritas: con certeza, esta ausencia non sería tan absoluta se os textos orais introducidos no corpus fosen máis numerosos e diversos na súa tipoloxía, mais, con todo, o dato apunta cara a un uso de *posíbel* máis frecuente na lingua escrita ca na oral. A variante ocorre en obras publicadas por case todas as editoriais activas durante este período (Xerais, Galaxia, Sotelo Blanco, Laivento, Baía, Toxosoutos, Positivas, A Nosa Terra, Ediciós do Castro, SEPT...), e especialmente –inda que non só– en autores e publicacións periódicas próximas ao nacionalismo político. É constante, por exemplo, nos xornais *A Nosa Terra* e *Sermos Galiza* ou na revista *Luzes*, mais tamén se le con certa frecuencia n’*O Correo Galego* ou en *Galicia Hoxe*.




Figura 2. Variantes de *posíbel* no galego escrito contemporáneo (1975-2016). Fonte: CORGA

³⁴ Dada a súa insignificante representación, incluío aquí os 20 casos (0.1%) de *posibre*.

³⁵ Agrupo aquí as seguintes variantes de singular e plural: *posíbel* (1.928), *posível* (1), *posíbels* (5), *posibeis* (459), *posibeles* (8).

2.2.4. Conclusións sobre a forma

As formadas mediante a adición deste sufixo na Idade Media e nos séculos inmediatamente posteriores son voces non patrimoniais senón cultas que, logo da extinción da autonomía cultural, polo menos relativa, en que Galicia vivira máis ou menos ata o XV, foron chegando ao galego case sempre a través dunha das dúas linguas en que de alí en diante se producía e recibía a cultura libresca e académica na nosa terra: o castelán, que durante séculos compartiu estas funcións formais co latín e que do XVI en diante foi incorporando novos latinismos con *-ble* e con outros sufixos que se fixeron moi produtivos nesta época (cf. Verdonk 2004: 902-912). En efecto, desde o final da Idade Media o castelán funciona en Galicia como unha lingua interposta entre o galego e o resto das linguas e culturas do mundo, polo que a renovación e a actualización do léxico do galego non se viñeron producindo desde entón de maneira autónoma, senón coa mediatización do idioma que o domina (cf. Monteagudo 2017: 17-18). Creo que, sen esquecer que a gran pobreza das fontes de que dispoñemos para o estudo do galego medio pode estar a ocultarnos algún dato relativo a esta cuestión na lingua desa época, a dependencia respecto do castelán para a incorporación de novo léxico intelectual, científico e técnico é a principal razón que explica a case súbita e completa extinción da variante *-bel*, moi maioritaria na escrita ata arredor de 1450³⁶, nos textos producidos en idioma galego a partir de principios do século XVI. Este sufixo, que daquela sería pouco produtivo nos estilos coloquiais da lingua, debeu de se estender por eles máis tardíamente, logo de desterrar por completo as variantes predominantes no galego medieval da escasa lingua escrita e dos cada vez máis raros estilos orais formais do galego medio.

Se, como xa dixeran (Mariño Paz 2016: 140-142), esta viraxe desde o manifesto predominio medieval de *-vel(e)* ou *-vil(e)* cara ao uso case exclusivo de *-ble* ou *-bre* a partir de mediados do XV pode interpretarse, en termos labovianos, como un cambio desde arriba, coido que o mesmo se pode afirmar da revitalización da variante *-bel / -beis* no galego culto contemporáneo: desde mediados do XIX houbo escritores que a recuperaron (moi poucos antes de 1916,

algúns máis na Época Nós, moitos despois da Guerra Civil e bastantes na actualidade) e desde 1971 houbo prescritores e gramáticos que a recomendaron. Ademais, o ditame normativo oficial evoluiu desde unha inicial admisión con moitas reservas ata unha aceptación en pé de igualdade con *-ble*, aínda que outorgándolle a esta variante o privilexio de ser a escollida para a redacción das *Normas*. Podemos dicir, por tanto, que a apertura cara á recuperación de *-bel*, fundada sobre todo no argumento do rescate do uso medieval maioritario e nas sospeitas sobre o carácter castelanizante de *-ble*, foi progresando conforme o foi facendo tamén o desenvolvemento do galeguismo, pois, como Thomas (1991) mostrou, o purismo lingüístico é un comportamento estreitamente ligado ao nacionalismo cultural e político. A revitalización da variante *-bel* de mediados do XIX a hoxe é un proceso promovido por grupos de persoas con relevancia no mundo cultural galego que con plena consciencia pública volveron a poñer en circulación unha variante que fora abandonada e que hoxe se usa, sobre todo, en variedades formais da lingua, case sempre escritas.

3. Función do sufixo no galego posmedieval

As gramáticas e outros traballos de investigación que se publicaron de finais da década de 1970 en diante fan unha descrición bastante completa das características funcionais e semánticas deste sufixo no galego actual, unha descrición que a meu entender vale tamén para o conxunto do galego posmedieval, mais á que se lle deben engadir as tres observacións adicionais que farei para concluír este apartado. Vexamos.

No seu estudo sobre a sufixación nominal no galego do noso tempo González Fernández (1978: 139-142) clasifica *-ble* no subgrupo dos “sufixos de relación” que expresan “cualidad, capacidad o condición” (p. 139). Da caracterización que del fai destacarei o seguinte: 1) crea adxectivos sobre bases verbais; 2) cando se engade a verbos da primeira conxugación toma a vogal /'a/ (*admir-a-ble*), mentres que con verbos da segunda e da terceira toma /'i/ (*tem-i-ble*); 3) se se lle acrecenta o sufixo *-dade* adopta a forma *-bil-* (*amabilidade*); 4) o contido semántico que achega é o de “capacidad o

³⁶ Con predominio das representacións gráficas con <v> ou <u>.

aptitud para hacer o recibir la acción del verbo, ya sea en sentido activo o pasivo ([...] Generalmente la posibilidad que indica el sufijo no es ‘para hacer’, sino ‘para recibir’. [...]): o valor será pasivo (*comible*) ou activo (*estable*) dependendo “de la modalidad de la acción del verbo” (p. 140); e 5) cando expresa “aptitud propicia para” pode alternar con *-deiro*, *-izo*, *-ego* ou mesmo *-dío* (*levable*, *levadeiro*, *levadizo*, *levadego*, *levadío*) (p. 139).

Álvarez, Regueira e Monteagudo (1986: 112-114) presentan *-ble* como un dos “máis importantes” sufixos derivativos “caracterizadores”, dos que afirman que “resaltan algunha característica ou cualidade dunha persoa ou unha cousa, ás veces con función expresiva” (p. 112). Nada din sobre o concreto valor semántico de *-ble* e, polo que ten que ver coa categoría das bases ás que se une, só proporcionan a seguinte información, relativa non a el en particular, senón a todos os sufixos caracterizadores: “Forman sobre todo adxectivos, con base verbal, sustantiva ou adxectiva” (p. 112).

Na súa lexicoloxía histórica Ferreiro (1997: 146-147) conceptúa *-bel* como un sufixo nominal “referencial” de rendibilidade alta que crea adxectivos a partir de bases verbais. Como González Fernández, sinala que cando estas son da primeira conxugación o sufixo toma a vogal temática /a/, mentres que se son da segunda ou da terceira esa vogal é /i/, pero ademais Ferreiro (1997: 146, n. 169) advirte de que tamén aparece “a forma *-(ú)bel* [...] en vocábulos tirados directamente do latín”, como *solúbel* (< SOLŪBĪLE, de SŌLVĒRE ‘soltar, desatar’) e *volúbel* (< VŌLŪBĪLE, de VŌLVĒRE ‘revolver’), e, así mesmo, apunta que hai adxectivos en *-bel* tamén tomados directamente do latín “cuxa base lexemática presenta irregularidades en relación á base verbal (VISĪBĪLE > *visíbel*, de VĪDĒRE ‘ver’)”. Sobre o seu significado di que forma adxectivos que “expresan sempre posibilidade da acción, tanto en sentido pasivo (propio do sufixo no latín clásico) como activo (adquirido no latín tardío e medieval)” (p. 147): *mellorábel* tería sentido pasivo e *rendíbel*, activo.

Freixeiro Mato (1999: 231) caracterízao como un sufixo creador de adxectivos a partir de bases verbais que expresa “potencialidade” (*cribel*).

Finalmente, Álvarez e Xove (2002: 708) preséntano como un sufixo: 1) que crea adxectivos sobre bases verbais; 2) que conta cunhas variantes *-ble* ou *-bel* que se converten en *-bil-* cando son base para posteriores derivacións

(*conta-ble*, *contá-bel* → *conta-bil-izar*); 3) que, agregado a unha base regular, toma a vogal temática /a/ cando se trata dun verbo da primeira conxugación (*revog-a-ble*) e a vogal /i/ cando se trata dun verbo da segunda ou da terceira (*coñec-i-ble*, *suprim-i-ble*); 4) que tamén se agrega a bases irregulares “de tipo participial en *-s-* e *-t-*, só que se engade a seguir a vogal *-i-* (salvo *-a-* en *responder* → *responsa-ble*, e no prefixado *irresponsable*): *acceder* → *accesi-ble*, [...] *facer* → *facti-ble* [...], etc.”; e 5) que o seu valor semántico básico é o de posibilidade pasiva (*atacable* ‘que pode ser atacado’), mais “poden faltar tanto a ‘posibilidade’ coma o sentido pasivo: *corruptible* ‘que pode ser corrompido ou corromperse por si mesmo’, *durable* ‘que dura’, *responsable* ‘que responde ou debe responder dos seus actos’, *accesible* ‘ó que se pode acceder’, etc.”.

Como xa dixen, creo que á caracterización global que resulta da reunión das diversas caracterizacións particulares que acabo de presentar se lle deben facer tres observacións adicionais. As dúas primeiras presentareinas con brevidade. Sobre a terceira tratarei con máis extensión.

En primeiro lugar, convén non deixar de dicir unha evidencia: igual ca outros adxectivos, os formados co sufixo *-bel* / *-ble* pódense substantivar, como é o caso, entre outros, de *combustíbel*, *dirixíbel*, *fusíbel* ou *responsábel* (*o responsábel desta sección son eu*). O Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG) devolve ás nosas consultas datos que nos falan da entrada recente, ou incluso moi recente, destas catro voces: do lema *combustíbel* temos un primeiro rexistro en 1886 (coa forma substantiva *combustibre*), outros tres antes de 1900 (dous deles como substantivo), tres tamén en 1931 e 1933 (os tres como substantivo) e unha normalización do seu uso escrito a partir da década de 1960; *dirixíbel* aparece como adxectivo en 1935 (coa forma *dirixibre*) e como substantivo só desde 1975 (sempre como *dirixible*); *fusíbel* non comparece ata 1971 (*fusibles*, substantivo) e son poucas as súas ocorrencias posteriores; *responsábel* xorde por primeira vez en 1878 (*responsables*), ten un primeiro rexistro como substantivo en 1888 (*responsable*) e entre as décadas finais do XIX e as primeiras do XX evidencia xa unha circulación bastante fluída.

En segundo lugar, cómpre advertir que, aínda que este sufixo se une case sempre a bases verbais, tamén admite no galego posmedieval a derivación denominal con sentido instrumental, coma na Idade Media (cf. Mariño Paz

2005: 176-177) e coma no castelán e outros idiomas (cf. Val Álvaro 1981: 190-191). A este respecto parécenme incuestionábeis, por exemplo, os casos de *favorábel* ou de *saudábel*, derivados de *favor* e de *saúde* con adición da vogal temática da conxugación verbal máis produtiva. O TILG dá conta do uso do lema *favorábel* desde 1861 e de *saudábel* desde 1863. Esta derivación denominal está hoxe bastante viva en casos como *alcaldábel*, *ministrábel* ou *noticiábel*, que, aínda non estando recoñecidos polo DRAG, aparecen en textos de entre 1975 e 2016 reunidos no CORGA: desde 1995 os dous primeiros (como *alcaldable* ou *alcaldábel* un, sempre como *ministrable* o outro) e desde 1992 *noticiábel* ou *noticiable*.

En terceiro lugar, é necesario reparar en que, como xa sucedía na Idade Media, no galego medio e no contemporáneo *-ble* / *-bel* seguiu contendendo con outros sufixos para expresar a capacidade activa, valor semántico que adopta cando se agrega a bases verbais intransitivas ou usadas intransitivamente. Como mostrei noutro traballo (Mariño Paz 2005: 177-182), para a expresión deste valor semántico *-vel* competiu no galego medieval con outros sufixos que tamén se engadían e engaden a bases preferentemente verbais: *-(s)ivo* (*suçesiuelle* / *sucesivo*), *-deiro* (*durávil* / *duradeiro*) e *-nte* (*convínivel*³⁷ / *conviniante*, *semellável* / *semellante*). Co concurso dalgún outro sufixo (por exemplo, *-oso*), aconteceu o mesmo no castelán (cf. Val Álvaro 1981: 188-190) e no portugués (cf. Allen Jr. 1966), idiomas nos que esta pugna por ocupar o espazo semántico referido perdurou, coma en galego, despois de terminada a Idade Media.

As fontes do galego medio revélanos algún dato iluminador respecto disto. Para empezar, é significativo que en HY, traslado da *Crónica de Iria* (CI) de 1468 que se fixo, con numerosas modernizacións lingüísticas, entre 1617 e 1630, se cambiase para *semellantes* (16 r) o que en CI figura como *semellaueles* (6.8)³⁸. O TILG mostra tres rarísimos e illados

registros de *semellable* nada menos que en 1997, os tres nun artigo publicado no número 101 da revista *Encrucillada*. Non son en absoluto significativos, xa que con certeza obedecerán simplemente ao gusto ou ao capricho de unha persoa. Polo contrario, si resulta moi elocuente que de 1697 a 2013 a mesma fonte devolva 5.131 rexistros de *semellante*.

As *Papeletas de un diccionario gallego* (PDG) reunidas polo padre Sobreira entre 1792 e 1797 ofrécennos outros dous casos: *aburrible* e *aforratible*. Do primeiro díciase o seguinte nesta fonte: “*aburrible*. Moraña. Odiosa” (p. 42). O verbo sobre o que este adxectivo se formaba, *aburrir*, defíníase na mesma obra de tal forma (“Causar mucho enfado, molestia, etc.”, p. 42) que admitiría para el usos intransitivos³⁹, como, por exemplo, en *esta situación aburre*. Esta acepción de *aburrir* estaba tomada case ao pé da letra da que se introducira na edición do diccionario da Real Academia Española (RAE) de 1770, logo reproducida sen modificacións nas de 1780, 1783 e 1791 (cf. NTLLE). O que non se achaba no diccionario da RAE era o adxectivo *aburrible*, circunstancia que me leva a inferir que Sobreira o oíu con certeza en Moraña (Pontevedra) co sentido de ‘odiosa’. Logo o sufixo *-ble* achegaba a esta voz un significado activo: ‘que causa enfado, que suscita odio, odioso’. Pois ben, nin o TILG nin o *Diccionario de diccionarios* (DdD) ofrecen ningún outro rexistro de *aburrible*, o que invita a supoñer que este adxectivo debeu de ter un certo uso oral no galego medio que, polo que hoxe sabemos, non o levou a ningún dos escasos textos escritos da época e que debía de estar xa extinguido ou en vías de extinción cando a produción de textos na nosa lingua empezou a aumentar no século XIX.

Para *aforratible* o propio padre Sobreira ofrecía xa na súa definición un sinónimo galego formado co sufixo *-dor* sobre a mesma base verbal: “*AFORRATIBLE*. Adj. Ribadavia. Ahorrativo, *aforrador*” (PDG, p. 99⁴⁰). *Aforrador*

³⁷ *Convenible*, coas súas distintas variantes, tamén se usou no asturiano medieval (cf. García Arias 2017-2019: s.v.).

³⁸ Máis de un século despois o padre Sarmiento incluíu en CVFLG unha relación de “Voces gallegas antigas que hallé en los instrumentos anteriores al año de 1500, así en Santa Clara de Pontevedra como en el Poyo. Año de 1745” (p. 272). Pois ben, neste glosario figura a seguinte anotación: “*Semellaveles*. Semejantes”. A glosa está en castelán, non en galego, mais acredita que *semellavel* xa non era daquela unha voz que se puidese deixar sen aclarar.

³⁹ Tamén se definía como transitivo, con palabras tomadas do diccionario da RAE (cf. NTLLE): “*ABURRIR*. Dejar alguna cosa con ánimo de no volver a ella, aborreciéndola” e “aborrecer” (p. 42). E como pronominal: “*ABURRIRSE*. [...] Desviarse de alguna persona, mostrando sentimiento de su dicho o proceder” (p. 42).

⁴⁰ Na mesma páxina de PDG rexístrase *aforrador* (con *forrador* como variante aferética e *aforrativo* e *aforratible* como sinónimos) e *aforrativo* (con *aforrador* como sinónimo).

é o normal no galego escrito do noso tempo, como ben se ve nos datos que proporciona o TILG, que con todo non localiza un primeiro rexistro del ata 1899, cando xa Sobreira o oíra máis de cen anos antes. Polo contrario, de *aforrativo*, o outro sinónimo de *aforratible* que daba o beneditino ao final do XVIII, o TILG só mostra un rexistro en 1999, mentres que DdD non presenta ningún. Sospeito, por tanto, que Sobreira non oíu *aforrativo* no galego oral do seu tempo, senón que acomodou á nosa lingua o *ahorrativo* que si estaba no dicionario da RAE desde 1726 (cf. NTLLE).

Teño constancia doutros tres adxectivos en que o sufixo culto *-(t)ivo* contendeu con *-ble* para a expresión da capacidade activa no galego do XIX, do XX e do XXI. Ese é o valor semántico que achega o sufixo no caso de dous adxectivos que no *Encuentro y coloquio [...] na pontella da Chainsa* (1837) aparecen con *-ble* cando no galego moderno se constrúen normalmente con *-tivo*: falo de *equitabile* ‘que actúa con equidade’ (“he muy *equitabile* nos direytos”, *Papés I*, p. 402) e de *vengatible* ‘que ten propensión a vingarse’ (“Todo eso he verdade, pero non me negarédes que he muy *vengatible*, é muy amigo de que non quede sin pagarlla ó que lla faga”, *Papés I*, p. 403). *Equitabile* non ocorre en ningunha outra fonte producida do século XVIII á actualidade que estea integrada no DdD ou no TILG, que o que ofrecen no seu lugar é *equitativo*, un vocábulo carente de base verbal e sen étimo latino directo que se debeu de crear a semellanza doutros termos cultos que si o tiñan, como *afirmativo* ou *nativo* (cf. Ferreiro 1997: 165). Canto a *vingatible*⁴¹, cómpre saber que o TILG mostra só oito rexistros, sete deles non posteriores a 1891, mentres que o oitavo, illado, é de 1971, mais lese nunha obra de Manuel García Barros, un escritor nacido en 1876, polo que é probable que se trate dunha palabra que, ben andado o século XX, só sería propia do galego falado por xente maior. Polo contrario, de *vingativo* o TILG proporciona 62 rexistros datados entre 1886 e 2013.

A pugna entre *-ble* e *-tivo* é menos desigual no par léxico *pensatible* / *pensativo* ‘que pensa, entregado aos seus pensamentos’. Neste caso a alternativa con *-bre* ou *-ble* gozou e goza dunha frecuencia de uso moito maior ca a que acabamos de ver para outros adxectivos⁴². Os datos que para este par obtiven da consulta do TILG, trasladados graficamente á Figura 3, peiodiceinos co mesmo criterio que adoptei en 2.2.3 e son os seguintes:

- Período 1840-1915. Total de rexistros: 41. *Pensatible*⁴³: 6 (14.6%). *Pensativo*: 35 (85.4%).
- Período 1916-1936. Total de rexistros: 65. *Pensatible*⁴⁴: 13 (20.0%). *Pensativo*: 52 (80.0%).
- Período 1937-1981. Total de rexistros: 39. *Pensatible*⁴⁵: 14 (35.9%). *Pensativo*: 25 (64.1%).
- Período 1982-2013. Total de rexistros: 159. *Pensatible*⁴⁶: 3 (1.9%). *Pensativo*: 156 (98.1%).




Figura 3. Usos de *pensatible* e *pensativo* no galego escrito contemporáneo (1840-2013). Fonte: TILG

Ben se ve que o uso de *pensatible*, aínda sendo sempre menor ca o de *pensativo*, chegou a alcanzar cotas moi notábeis no período 1937-1981 e só decaeu de forma aguda a partir de 1982. Se no século XIX foi empregado ocasionalmente por Rosalía de Castro, Lamas Carvajal e algún outro escritor, na época de eclosión do nacionalismo (1916-1936) foi do gusto de Cotarelo Valledor ou Otero Pedrayo e, a partir de finais da década de 1950, compareceu bastante na obra de autores como Otero Pedrayo,

⁴¹ Tamén se usa en asturiano (cf. DALLA: s.v.).

⁴² *Pensatible* tamén se usa no asturiano moderno, segundo o DALLA (s.v.).

⁴³ Todos estes rexistros son da variante *pensatible*. Como esta variación formal non afecta a cuestión que aquí estou a tratar, na Figura 3 agrupeí todas as ocorrencias recompiladas baixo o rótulo *pensatible*, que é a forma coa que se presenta maioritariamente este adxectivo nos textos agrupados no TILG.

⁴⁴ Hai 12 casos de *pensatible* e 1 de *pensativo*.

⁴⁵ Son 12 rexistros de *pensatible* e 2 de *pensativo*.

⁴⁶ Os tres rexistros son da variante *pensatible*.

Silvio Santiago ou Eduardo Blanco-Amor, o que explica o 35.9% de utilización que atinxiu neste período. A caída que o TILG mostra a partir de 1982 confirma a CORGA, que entre 1975 e 2016 só recolle seis casos de *pensatible* (1.7%) fronte a 350 de *pensativo* (98.3%).

A competencia con *-deiro* para a expresión da capacidade activa obsérvase no par léxico *durábel* / *duradeiro* ‘que dura, que resiste o paso do tempo’. Se, como antes vimos, xa nas fontes medievais se detecta a coexistencia de *durávil* e *duradeiro*, de 1858⁴⁷ a 2013 o TILG mostra os seguintes datos relativos ao emprego de *durábel*⁴⁸ e *duradeiro*, que se poden ver reflectidos na Figura 4:

- Período 1840-1915. Total de rexistros: 35. *Durábel*⁴⁹: 3 (8.6%). *Duradeiro*: 32 (91.4%).
- Período 1916-1936. Total de rexistros: 40. *Durábel*⁵⁰: 1 (2.5%). *Duradeiro*⁵¹: 39 (97.5%).
- Período 1937-1981. Total de rexistros: 32. *Durábel*⁵²: 1 (3.1%). *Duradeiro*⁵³: 31 (96.9%).
- Período 1982-2013. Total de rexistros: 128. *Durábel*⁵⁴: 10 (7.8%). *Duradeiro*⁵⁵: 118 (92.2%).

Desde mediados do XIX, *duradeiro* mantivo sempre uns niveis de uso moi superiores aos

4. Fontes de estudo citadas

Galego medieval

CI = José Antón Souto Cabo (ed.) (2001): *Crónica de Santa María de Íria*. Estudo e edizón de José Antón Souto Cabo. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos / Edicións do Castro.

ROT = Ermelindo Portela Silva (ed.) (1976): *La región del obispado de Tuy en los siglos XII a XV. Una sociedad en la expansión y en la crisis*. Santiago de Compostela: Tip. El Eco Franciscano.

TMLG = Xavier Varela Barreiro (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.gal/tmilg/> [consulta: febreiro, marzo e abril de 2020].

VFD = Xesús Ferro Couselo (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, 2 vols. Vigo: Galaxia. Ed. facsímil: Vigo, Galaxia, 1996.

de *durábel*. Para o período 1975-2016 o CORGA mostra só 12 rexistros de *durábel*⁵⁶ (3.8%) fronte a 302⁵⁷ de *duradeiro* (96.2%).

No galego dos nosos días o sufixo *-bel* / *-ble* agregado a bases verbais con sentido activo é moito menos produtivo que cando se emprega para expresar a necesidade ou a posibilidade pasivas (*negociábel*, *programábel*...). Con todo, mantense firme nun limitado grupo de adxectivos en que, quitando algunhas excepcións, non compite con alternativas creadas mediante a adxunción doutros sufixos: (*des*)*agradábel*, (*des*)*apracíbel*, *durábel*, *estábel*, *falíbel*, *infallíbel*, *mudábel*, *mutábel*, *perdurábel*, *rendíbel*, *sensíbel*, *servíbel*, *variábel*...




Figura 4. Usos de *durábel* e *duradeiro* no galego escrito contemporáneo (1840-2013). Fonte: TILG.

⁴⁷ Non me constan rexistros posmedievais destes adxectivos que sexan anteriores a este ano.

⁴⁸ Incluíu baixo este rótulo as variantes *durable*, *durabre* e *durábel*.

⁴⁹ Son dous casos de *durábel* e un de *durabre*.

⁵⁰ A variante rexistrada é concretamente *durabre*.

⁵¹ Incluíu aquí un caso de *duradoiros*.

⁵² A variante rexistrada é *durábel*.

⁵³ Incluíu aquí dous casos de *duradoiro(s)*.

⁵⁴ Trátase de dous casos de *durábel* e oito de *durable(s)*.

⁵⁵ Incluíu aquí cinco casos de *duradoiro(s)*.

⁵⁶ Son 11 casos de *durable(s)* e un de *durábel*.

⁵⁷ Incluíu aquí 17 casos de *duradoiro(s)*, *duradoira(s)*.

Galego medio

- Álvarez, Rosario e Ernesto González Seoane (eds.) (2017): *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.gal/gondomar/> [consulta: marzo de 2020].
- CF1 = Diego Antonio Cernadas y Castro (1778-1781): *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime D. Diego Antonio Cernadas y Castro, natural de Santiago de Galicia*. 7 tomos. Madrid: Joachin Ibarra [As poesías galegas encóntranse en: tomo I, pp. 315, 316, 322-323, 331; tomo II, p. 42; tomo III, pp. 305, 314-318; tomo IV, pp. 191-192, 193; tomo V, pp. 72-73, 138, 181-183; tomo VII, pp. 389, 390, 391, 396, 397, 398, 399].
- CF2 = Diego Antonio Cernadas y Castro: Poemas galegos do “manuscrito compostelán” (Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, ms. 631), 1754-1776 [Publicados por X. Pardo de Neyra (2002): *O labor lírico do ilustrado cura de Fruime. Textos galegos de Zernadas y Castro*. Santiago de Compostela: Laiovento, pp. 168-183].
- CGal = Inocencio do Campo (= Manuel Freire Castrillón) ([1786]): “Carta de Galicia”, *El Censor* 121, pp. 1015-1029.
- CVFG = Fr. Martín Sarmiento (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad de Salamanca [1746-1770].
- CVFLG = Fr. Martín Sarmiento (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad de Salamanca [1746-1755].
- DdD = Antón Santamarina (coord.) (2006-2013): *Diccionario de diccionarios (Corpus lexicográfico da lingua galega)*. Seminario de Lingüística Informática - Grupo TALG / Instituto da Lingua Galega, <http://sli.uvigo.es/DdD/index.php> [consulta: marzo e abril de 2020].
- FM = *Fiestas Minervales, y/ aclamacion perpetua de las Musas, à/ la inmortal memoria de el Ilus/trissimo, y Excelentissi/mo Señor/ D. Alonso de Fonseca/ El Grande [...]*. Santiago: Antonio Frayz, 1697, pp. 29-55. Ed. facsímil, con *Estudio literario das Festas Minervais Compostelanas de 1697* de Xesús Alonso Montero, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1993 [FM1: Romance de Joan del Río y Otero; FM2: Romance de Francisco Antonio del Valle; FM3: Romance de Juan Correa Mendoza y Sotomayor; FM4: Romance de Joseph Gil Taboada; FM5: Romance de Bernardo Vallo de Porras; FM6: Romance de Joseph Guerrero Lasso de la Vega; FM7: Romance de [Fabián Pardiñas Villardefrancos]; FM8: Romance de Juan Antonio Torrado; FM9: Romance de Ignacio Rodríguez].
- GMM = Rosario Álvarez (2018): “Galanteo de mozo e moza, romance en lingua galega (séc. XVIII). Edición e estudo”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 21, pp. 15-31, <https://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/62591> [ca. 1750].
- HY = (ca. 1617-1630): *De Ecclesia S. Mariae Virginis de Yria in Diocesi Bracarenensis*. [...] *Historia de Yria*. Manuscrito da Colección Barberini da Biblioteca Apostólica Vaticana (Barb. lat. 3578) [Copia seiscentista da *Crónica de Iria* do século XV].
- JCS = Manuel M. Murguía (1917): “Don José Cornide y Saavedra y sus versos en gallego”, *Boletín de la Real Academia Gallega* 10, pp. 162-169 e 179-182 [ca. 1761] [JCS1: “Decimas”; JCS2: “Dezima”; JCS3: Soneto a Filida].
- O660P = Fr. Martín Sarmiento (2008): *De Historia Natural y de todo género de erudición. Obra de 660 pliegos*. Santiago de Compostela / Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas [1762 e ss.].
- PDG = Fr. Juan Sobreira (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Edición y estudio crítico por J. L. Pensado. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo [1792-1797].
- PVN = Pedro Vázquez de Neira (1612): “SONETO GALLEGO de el Liçenciado Pedro Bazquez de Neyra”, en J. Gómez Tonel: *Relacion de las exequias que hiço la Real Audiencia del Reyno de Galiçia a la Magestad de la Reyna D. Margarita de Austria, Nuestra Señora*. Santiago de Compostela: Joan Pacheco. Ed. facsímil (con prólogo de Yolanda Barriocanal López): Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1997, p. 160.
- VP = Manuel Ferreiro (1994): “Contribución á lexicografía histórica do galego: o vocabulario de Payzal”, *Cadernos de Lingua* 9, pp. 55-88, <http://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/Cadernos/article/view/548> [ca. 1800].

Galego contemporáneo

Álvarez, Rosario; Xosé Luís Regueira e Henrique Monteagudo (1986): *Gramática Galega*. Vigo: Galaxia.

- Álvarez, Rosario e Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (1980): *Orientacións para a escrita do noso idioma*. Barallobre: Xistral.
- Asociação Sócio-Pedagóxica Galega (1980): *Orientacións para a escrita do noso idioma*. Ourense: Galiza Editora.
- Associação Galega da Língua (1983): *Estudo crítico das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. [A Coruña]: AGAL [2ª ed. corrigida e acrescentada. [A Coruña]: AGAL, 1989].
- (2017): *Ortografía galega moderna confluyente com o português no mundo*. Santiago de Compostela: Através Editora.
- Bases pra unificación das normas lingüísticas do galego*. Madrid: Anaya, 1977.
- Carballo Calero, Ricardo (1979⁷ [1966]): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
- Carré Alvarellos, Leandro (1967): *Gramática gallega*. A Coruña: Moret.
- CORGA = Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: *Corpus de referencia do galego actual (CORGA) [3.2]*, <http://corpus.cirp.gal/corga/> [consulta: marzo e abril de 2020].
- DdD = Antón Santamarina (coord.) (2006-2013): *Diccionario de diccionarios (Corpus lexicográfico da lingua galega)*. Seminario de Lingüística Informática - Grupo TALG / Instituto da Lingua Galega, <http://sli.uvigo.es/DdD/index.php> [consulta: marzo e abril 2020].
- DRAG = Real Academia Galega: *Diccionario da Real Academia Galega*, <https://academia.gal/diccionario> [consulta: marzo e abril 2020].
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1999): *Gramática da lingua galega. III. Semántica*. Vigo: A Nosa Terra.
- (2017): *Sobre historiografía gramatical e codificación lingüística (1955-1971)*. O Epítome de gramática galega e outros textos (*Revista Galega de Filoloxía*, Monografía 12). A Coruña: Universidade da Coruña.
- García de Diego, Vicente (1909): *Elementos de gramática histórica gallega (fonética-morfología)*. Burgos: Hijos de Santiago Rodríguez. Ed. facsímil: Anexo 23 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*: Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1984.
- Instituto da Lingua Galega (1972): *Galego 2*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- (1976): *Galego 3*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Lugrís Freire, Manuel (1922): *Gramática do idioma galego*. A Coruña: Imprenta de Zincke Hermanos [2ª edición corrixida e aumentada: A Coruña, Imprenta Moret, 1931].
- Papés1 = Ramón Mariño Paz; Xosé Ramón Barreiro Fernández e Rosa Aneiros Díaz (2008): *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*. Edición dos textos, fichas introdutorias e notas de Ramón Mariño Paz. Notas histórico-biográficas de X. R. Barreiro Fernández. Coordinadora da edición: Rosa Aneiros Díaz. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Papés2 = Ramón Mariño Paz e Damián Suárez Vázquez (ed.) (2012): “Novos textos e primeiras edicións de textos do Prerrexurdimento ata o de agora esquecidos ou ignorados”, en R. Mariño Paz (ed.): *Papés d'emprenta condenada (II)*. *Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 429-512.
- Rábade, Xoán Carlos (1980): *Normas ortográficas do idioma galego. Texto íntegro. Guía e comentarios*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- R[amón] A[lvaríño] (1919): *Compendio de gramática galega*. A Coruña: Imprenta Nova.
- Real Academia Gallega (1971): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: RAG.
- Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: RAG / ILG [13ª ed. revisada, 1995; 18ª ed. revisada, 2003].
- Saco Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Soto Freire.
- Seminario de Estudos Galegos (1933): *Algunhas normas pra a unificazón do idioma galego*. Santiago de Compostela: Nós.
- (1936): *Engádega as Normas pra a unificazón do idioma galego*. Santiago de Compostela: Nós.
- TILG = Antón Santamarina (dir.); Ernesto González Seoane e María Álvarez de la Granja: *Tesouro informatizado da lingua galega (Versión 4.1)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.gal/TILG/gl> [consulta: marzo e abril de 2020].
- Ventín Durán, José Augusto (2007): *Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral*. Edición crítica de Xesús Ferro Ruibal, Raquel Rial Santos, Emma Mª Salgueiro Veiga, Ana Vidal Castiñeira, e cunha nota biográfica de José Augusto Ventín Pereira (*Cadernos de Fraseoloxía Galega*, Anexo 1). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

5. Referencias bibliográficas

- Allen Jr., Joseph Heatly Dulles (1966): *Portuguese Word-Formation with Suffixes*. New York: Kraus Reprint Corporation.
- Alonso Pintos, Serafín (2006): *O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Bugarín López, María Xesús (2007): *O galego fundamental: dicionario de frecuencias*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- DALLA = Academia de la Llingua Asturiana: *Diccionariu de la Llingua Asturiana*, <http://www.academia-delallingua.com/diccionariu/> [consulta: marzo e abril de 2020].
- Ferreiro, Manuel (1997): *Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón; Xosé Manuel Sánchez Rei e Goretta Sanmartín Rei (2005): *A lingua literaria galega no século XIX*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- García Arias, Xosé Lluís (2017-2019): *Diccionariu etimolóxico de la llingua asturiana (DELLA)* [Tomu I (A-B), 2017. Tomu II (C-D), 2018. Tomu III (E-F), 2019]. [Uviéu]: Universidá d'Uviéu / Academia de la Llingua Asturiana.
- González Fernández, Isabel (1978): *Sufijos nominales en el gallego actual (Verba (Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 16))*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- López Viñas, Xoán (2015): *Diccionario de afixos e voces afixadas do galego medieval (Revista Galega de Filoloxía, Monografía 8)*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Mariño Paz, Ramón (2005): “Forma e función do sufixo *-uel* no galego medieval”, *Cadernos de lingua* 27, pp. 155-193, <http://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/Cadernos/article/view/60/66>.
- (2016): “Cambios desde abaixo e cambios desde arriba no galego do século XV”, en R. Mariño Paz e X. Varela Barreiro (eds.), *A lingua galega no solpor medieval*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura galega, pp. 123-145, <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4288>.
- (2017): *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Monteagudo, Henrique (2017): “Lingua e sociedade en Galicia”, *Labor Histórico* 3/1, pp. 14-48.
- NLTLE = Real Academia Española: *Nuevo tesoro lexicográfico de la lengua española*, <http://nltle.rae.es/nltle/SrvltGUILoginNtle> [consulta: febreiro e marzo de 2020].
- Pensado, José Luis (1982): “La lexicología gallega en el siglo XVIII”, en R. Lorenzo e D. Kremer (eds.), *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do coloquio de Tréveris (13 a 15 de novembro de 1980)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 85-98.
- Pharies, David (2002): *Diccionario etimológico de los sufijos españoles y de otros elementos finales*. Madrid: Gredos.
- Saurin de la Iglesia, María Rosa (2000): “Una epifanía de la patria: ‘Galicia. Revista Universal de este Reino’ (1860-65)”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 47/113, pp. 139-176, <http://estudiosgallegos.revistas.csic.es/index.php/estudiosgallegos/article/view/160>.
- (2003): *Antonio, Francisco y Benigno de la Iglesia. Una biografía intelectual*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.
- Thomas, George (1991): *Linguistic purism*. London / New York: Longman.
- Val Álvaro, José Francisco (1981): “Los derivados sufijales en *-ble* en español”, *Revista de Filología Española* 61/1-4, pp. 185-198.
- Verdonk, Robert (2004): “Cambios en el léxico del español durante la época de los Austrias”, en R. Cano (coord.): *Historia de la lengua española*. Barcelona: Ariel, pp. 895-916.

